

**ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN " L.C.A. "**  
(Laboratorio de Colaboración Artística)

**CAPITULO I.- DENOMINACIÓN, FINS, ENDEREZO E ÁMBITO:**

**Artigo 1.- Denominación**

Baixo a denominación **L.C.A.** (Laboratorio de Colaboración Artística), constitúese unha ASOCIACION ó abeiro da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, e normas complementarias, tendo capacidade xurídica e plena capacidade de obrar.

A Asociación rexeráse polo establecido nos presentes estatutos, polas normas aplicables en vigor e polos acordos adoptados polos seus órganos de goberno.

**Artigo 2.- Ámbito temporal.**

Esta asociación constitúese por tempo indefinido, comezando as súas operacións no mesmo día de celebración do acto fundacional.

**Artigo 3.- Domicilio e ámbito territorial.**

A Asociación establece o seu domicilio social en Santiago de Compostela, A Coruña, Rúa Ulla nº 25, baixo, C.P. 15702 de Santiago de Compostela, Galicia, España. Tendo como enderezo postal a súa sede e a dirección postal seguinte: Loureiros 1, 2º 15704, Santiago de Compostela, Galicia, España.

O ámbito territorial no que se desenvolverán súas funcións será Galicia, sen prexuízo de poder realizar calquera das súas actividades no territorio do Estado Español ou en calquera dos estados membros da Unión Europea e demais países fora dela.

**Artigo 4.- Fins sociais.**

A existencia desta asociación ten como fins:

- A coordinación, representación, xestión, defensa e fomento dos intereses xerais e comúns dos seus membros.
- Servir como interlocutor dos artistas coas respectivas institucións públicas ou privadas, ou outros colectivos relacionados coas artes, así como colaborar coas mesmas para desenrolar actividades de interés para os artistas e a cidadanía.
- Programar as accións necesarias para mellorar e dar a coñecer as actividades dos artistas e achegar a creación a sociedade.
- Sensibilizar a comunidade en accións autoxestionantes tanto creativas, produtivas ou de difusión. Fomentar a industria cultural local.
- Impulsar o diálogo, a cooperación, a formación e o intercambio cultural entre artistas residentes en Galicia, e creadores ou espazos de creación contemporánea, tanto a nivel nacional coma internacional.
- Divulgar as actividades relacionadas coa Asociación.

**Artigo 5.- Funcións da Asociación.**

No eido do cumprimento dos fins da asociación, esta terá as seguintes funcións:

- Exerce-la representación da súa actividade ante tódalas Administracións Públicas, calquera que sexa o seu ámbito territorial, e perante toda clase de organismos nacionais ou internacionais, persoas e empresas públicas e privadas e especialmente ante toda clase de órganos xurisdiccionais.
- Negociar, concretar e suscribi-los acordos ou convenios municipais, provinciais, autonómicos, nacionais ou internacionais que afecten ou interesen ós seus membros, de forma corporativa ou comunitaria, en calquera ámbito relacionado directa ou indirectamente coa actividade representada.
- Implantar cantos servicios poidan resultar de interese para os asociados, sen limitación algunha, sempre que se respecten as normas reguladoras dos mesmos.
- Representar ós asociados nas negociacións para: modificar, aplicar e desenvolver as normativas de interés para o obxecto da súa actividade.
- Formar parte doutras Asociacións ou integrarse en Federacións de fins análogos.

- Colaborar coas entidades asociativas para que individual, colectiva ou mancomunadamente poidan culminar o seu obxeto.

## **CAPITULO II.- ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN**

### **Artigo 6.- Órganos**

O goberno da Asociación corresponde á Asemblea Xeral e á Xunta Directiva.

### **SECCIÓN PRIMEIRA.- A ASEMBLEA XERAL**

#### **Artigo 7.- Asemblea Xeral. Reunións.**

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación e estará integrada por tódolos asociados.

As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias ou extraordinarias. A ordinaria celebrarase, alomenos, unha vez ó ano. As extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o fagan necesario, a xuízo do Presidente, cando a Xunta Directiva así o acorde ou cando sexa proposto por escrito por unha décima parte dos asociados.

#### **Artigo 8.- Convocatoria da Asemblea Xeral**

As convocatorias das Asembleas Xerais realizaranse por escrito con expresa indicación do lugar, día e hora da reunión, así como a orden do día con expresión concreta dos asuntos a tratar.

Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da Asemblea terán que pasar, cando menos quince días, podendo asemade, facerse constar se procedera a data e hora en que se reunirá a Asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poida mediar un prazo inferior a unha hora.

## Estatutos da Asociación **L.C.A.** (Laboratorios de Colaboración Artística)

As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán válidamente constituídas en primeira convocatoria cuando concurran a ela un tercio dos asociados con dereito a voto, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asociados con dereito a voto.

Poderáse celebrar Asemblea Xeral tanto Ordinaria como Extraordinaria no caso de que estean presentes todos os asociados e así o decidan, malia que non se teña convocado a Asemblea na forma prevista nos anteriores apartados. Neste caso, deberase establecer unha Orde do Día que deberá ser aprobada punto por punto.

### **Artigo 9.- Adopción de Acordos**

Os acordos adoptaránse por maioría simple dos socios presentes ou representado/as cando os votos afirmativos superen ós negativos, non sendo computables a estes efectos los votos en branco nin las abstencións.

Será necesario a **maioría absoluta** dos socios ou representados (nunha primeira convocatoria), para:

- a) Nomeamento dos cargos das Xuntas Directivas e administradores.
- b) Acordo para constituir unha Federación de asociacións o integrarse nelas.
- c) Disposición ou enaxenación de ben integrantes do inmovilizado.
- d) Modificación de estatutos.
- e) Disolución da entidade.

Para o suposto de non conseguir na primeira convocatoria quórum suficiente, considerarase como tal a **maioría absoluta** dos socios ou representados PRESENTES. Non poderán transcurrir máis de 48 horas entre unha e outra convocatoria.

### **Artigo 10.- Facultades da Asemblea Xeral Ordinaria**

Son facultades de la Asemblea Xeral Ordinaria:

## Estatutos da Asociación **L.C.A.** (Laboratorios de Colaboración Artística)

- a) Aprobar, no seu caso, a xestión da Xunta Directiva.
- b) Examinar e aprobar as Contas anuais.
- c) Aprobar ou rexeitar as propostas da Xunta Directiva en orde ás actividades da Asociación.
- d) Fixar as cuotas ordinarias o extraordinarias que deberán aportar os asociados no seu caso.
- e) Calquera outra que no sexa da competencia exclusiva da Asemblea Extraordinaria.
- f) Acordar a remuneración dos membros dos órganos de representación, no seu caso.

### **Artigo 11. Facultades da Asemblea Xeral Extraordinaria**

Corresponde á Asemblea Xeral Extraordinaria:

- a) Nombramiento dos membros da Xunta Directiva.
- b) Modificación dos Estatutos.
- c) Disolución da Asociación.
- d) Expulsión de socios, a proposta da Xunta Directiva.
- e) Constitución de Federacións ou integración nelas.

### **SECCIÓN SEGUNDA.- A XUNTA DIRECTIVA**

#### **Artigo 12.- Xunta Directiva.**

A Xunta Directiva é o Órgano de Representación e Xestión da Asociación.

**Artigo 13.- Composición da Xunta Directiva. Duración dos cargos, baixa e cesación.**

A Xunta Directiva estará formada, como mínimo por un Presidente, un Secretario e un Tesoureiro, sen prexuízo de que se poida nomear Vicepresidente, Vicesecretario e Vocais, que en todo caso deberán te-la condición de Asociados.

Todos os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuitos, salvo que se acorde o contrario en Asemblea Xeral.

Os cargos serán designados e revocados pola Asemblea Xeral Extraordinaria e o seu mandato terá duración de 3 anos, prorrogables, salvo que se acorde o contrario.

As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva serán cubertas provisionalmente entre os seus membros ate la elección definitiva pola Asemblea Xeral Extraordinaria.

Os cargos da Xunta Directiva poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva e poderán ser cesados por incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas.

**Artigo 14.- Reunións da Xunta Directiva**

A Xunta Directiva reunirse cantas veces determine o seu Presidente e a iniciativa o petición do 50 % dos seus membros.

Quedaré constituída cuando asista a metade máis un dos seus membros e para que os acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría de votos. En caso de empate, o voto do Presidente será de calidade.

**Artigo 15.- Facultades de la Xunta Directiva**

As facultades da Xunta Directiva extenderánse, con carácter xeral a tódolos actos propios das finalidades de la asociación, siempre que non requieran, según estos Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral.

Son facultades particulares da Xunta Directiva:

## Estatutos da Asociación **L.C.A.** (Laboratorios de Colaboración Artística)

- a) Dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da Asociación, acordando realizar os oportunos contratos e actos.
- b) Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- c) Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral os Balances e as Cuentas anuais.
- d) Resolver sobre a admisión de novos asociados.
- e) Nomear delegados para alguna determinada actividade da Asociación.
- f) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea Xeral de socios e todas as que teña delegadas pola propia Asemblea.
- g) A Xunta Directiva poderá adoptar acordos de urxencia que sexan competencia da Asemblea Xeral, sometendo ditos acordos á posterior ratificación da Asemblea.

### **Artigo 16.- Presidente**

O Presidente terá as seguintes atribucións: Representar legalmente á Asociación ante toda clase de organismos públicos ou privados; convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, así como dirixir as deliberacións de ambas dúas; ordenar pagos e autorizar con su firma os documentos, actas e correspondencia; adoptar calquera medida urxente que requira a boa marcha da Asociación ou que na realización das súas actividades resulte necesaria ou convinte, sen perxuro de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.

Atribúeselle expresamente a facultade para poder abrir ou cancelar contas correntes, de aforro, depósito de valores e realizar calquera tipo de operacións bancarias en Bancos de todas clases, incluso no de España, Caixas de Aforro, Financieras e demais Entidades análogas, mancomunadamente co tesoureiro ou secretario.

No caso de que haxa un Vicepresidente, éste substituirá ó Presidente na súa ausencia, motivada por enfermidade ou calquera outra causa, e tendrá as mesmas atribucións que o presidente.

**Artigo 17.- Secretario**

O Secretario terá a cargo a dirección dos traballos puramente administrativos da Asociación, expedirá certificacións, levará os libros da asociación legalmente establecidos e o fichero de asociados, e custodiará a documentación da entidade, cursando as comunicacións sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais inscribibles nos Rexistros correspondentes, así como a presentación das contas anuais e o cumprimento das obrigas documentais nos términos que legalmente correspondan.

**Artigo 18.- Tesoureiro**

O Tesorero recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación e dará cumprimento ás ordes de pago que expida o Presidente.

**Artigo 19.- Vocais.**

Cando se designen vocais –previa a modificación estatutaria necesaria- tendrán as obrigas propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva, así como as que nazcan da delegacións ou comisións de traballo que a propia Xunta lles encomende.

**CAPITULO III.- SOCIOS**

**Artigo 20.- Cualidade de socio**

Poderán pertencer á Asociación aquelas personas con capacidade de Obrar que teñan interese na realización dos fins da Asociación.

**Artigo 21. Dentro de la Asociación existirán las siguientes clases de socios:**

- a) Socios fundadores, que serán aquellos que participen en el acto de constitución de la Asociación.
- b) Socios de número, que serán los que ingresen después de la constitución de la Asociación.

Estatutos da Asociación **L.C.A.** (Laboratorios de Colaboración Artística)

c) Socios de honor, los que por su prestigio o por haber contribuido de modo relevante a la dignificación y desarrollo de la Asociación, se hagan acreedores a tal distinción. El nombramiento dos socios de honor corresponderá a la (Xunta Directiva o Asemblea General).

**Artigo 22.- Baixa dos asociados.**

Os asociados causarán baixa por algunha das causas seguintes:

- a) Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Directiva.
- b) Por incumplimento das obrigas económicas, se deixara de satisfacer 3 cuotas periódicas.
- c) Por acordo de expulsión acordado pola Asemblea Xeral Extraordinaria, en caso de que as súas actividades persoais ou o seu comportamento perxudiquen obxectivamente a boa marcha da Asociación.

**Artigo 23. Os socios de número e fundadores terán os seguintes dereitos:**

- a) Tomar parte en cantas actividades organice a Asociación en cumprimento dos seus fins.
- b) Disfrutar de todas as ventaxas e beneficios ca Asociación poida obter.
- c) Participar nas Asembleas con voz e voto.
- d) Ser electores e elexibles para-los cargos directivos.
- e) Recibir información sobre os acordos adoptados por os órganos da Asociación.
- f) Facer suxerencias ós membros da Xunta Directiva en orden ó mejor cumprimento dos fins da Asociación.

**Artigo 24. Os socios fundadores e de número terán as seguintes obrigas:**

- a) Cumplir os presentes Estatutos e os acordos válidos das Asembleas e a Xunta Directiva.
- b) Abonar as cuotas que se fixen.

c) Asistir ás Asembleas e demais actos que se organicen.

d) Desempeñar, no seu caso, as obrigas inherentes ó cargo que ocupen.

**Artigo 25.** Os socios de honor terán las mismas obrigas cos fundadores e de número, a excepción das previstas nos apartados b) e d), do artigo anterior. Asimesmo, terán os mesmos dereitos a excepción dos que figuran nos apartados c) e d) do artigo 26, poidendo asistir ás Asembleas sin dereito de voto.

#### **CAPITULO IV.- RÉXIME ECONÓMICO**

##### **Artigo 26.- Financiación da Asociación.**

Os recursos económicos previstos para a realización e execución dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

- a) As cuotas de inscrición, readmisión, periódicas ou de calquera outra índole legalmente establecida. O importe e características das cuotas importe serán fixadas pola Asemblea Xeral.
- b) Os repartos, derramas ou similares reglamentariamente aprobados.
- c) Os dereitos, taxas e exacciones que sexan aprobados.
- d) Os produtos e rentas dos seus bens, intereses de contas bancarias e beneficios de operacións financieras.
- e) Os ingresos que poidan reportarlle a exportación de servizos, publicacións ou actividades que desenvolva.
- f) As donacións, subvencións, aportacións ou premios que poida recibir.
- g) Calquera outro recurso lexítimo que poida obter.

No momento de su constitución a Asociación carece de Fondo social.

##### **Artigo 27.- Exercicio económico.**

O exercicio asociativo e económico será anual e o seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano.

## **CAPITULO V.-DISOLUCIÓN**

### **Artigo 28. Causas de disolución**

Se disolverá voluntariamente cando así o acorde a Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada expresamente para a disolución efecto, por unha maioría de 2/3 dos asociados.

### **Artigo 29.- Liquidación**

En caso de disolución, nomearásese unha comisión liquidadora que, unha vez extinguidas as débedas sociais, e se existise sobranse líquido, destinará éste para fins análogos ós da propia asociación.

## **DISPOSICION ADICIONAL**

En todo o non previsto nestes Estatutos aplicarase a normativa vixente que regule as Asociacións na materia do seu fin social.

En Santiago de Compostela, a vintenove de marzo de 2008.

D<sup>a</sup> María Reina D' Hoore Sánchez  
PRESIDENTA

D<sup>a</sup> María Harden Chenut  
TESOURERA

D<sup>a</sup> Teófila Noemí Ruiz Kulianos  
SECRETARIA

D. Barreiro Ceruelo Manuel

VOCAL

D. Mariano Casas Gil  
VOCAL